

As quendas no debate

Conclusión

A conclusión é a quenda que pecha o debate e aínda que **pode parecer un resumo non o é.**

O orador debe permanecer moi atento ao que o seu equipo e o equipo que defende a outra postura aporten durante o debate. A escoita activa é un atributo do encargado da conclusión.

A conclusión prepárase durante o debate e iso inclúe, a parte do que dixeron os seus compañeiros a propósito disto se pode e se debe ter un guión predeterminado da parte do seu equipo.

No que sexa posible, o encargado da conclusión buscará a autoría de cada orador coa súa achega ao debate.

Chegados a este punto do debate o encargado ou encargada da conclusión debe facer un **balance do ocorrido durante o debate fixándose máis no “porque” orientado ao seu interese, que no “que”.** O orador encargado desta quenda como comentabamos ao principio realizará unha escoita activa durante o debate, e ademais demostrará unha gran capacidade analítica e sintética sobre todo o que ocorreu nas quendas do debate.

O encargado da conclusión deberá facerse unhas preguntas guía para axudarlle na tarefa.

Que argumentos (do seu equipo) quedaron sen refutar?

Que argumentos (do equipo que defende a outra postura) foron refutados?

Que preguntas (do seu equipo) quedaron sen contestar?

Que argumentos (do equipo que defende a outra postura) foron rebatidos por ter pouca forza a nivel argumental?

Que preguntas (ao seu equipo) foron contestadas con éxito?

Que evidencias (do equipo que defende a outra postura) tiveron menos validez?

Todas as preguntas que sexan mester para que sobresaía a forza argumental do seu equipo en lugar da do equipo que defende a outra postura.

Do mesmo xeito que na quenda das refutacións en nesta **debemos utilizar a comparación** (atopar os puntos de choque) para mostrar os seus puntos débiles en relación cos nosos puntos fortes e porque prevaleceron os nosos.

Importante e coñecer que nesta quenda non refutamos nin quitamos datos nin argumentos novos nin por suposto evidencias.

Todas as quendas son discurso e nesta é aconsellable que sigamos a seguinte secuencia:

Inicio: do mesmo xeito que fixemos na quenda de introdución, o inicio da conclusión pode empezar cun exordio e un pequeno agradecemento ao equipo contrario e aos compoñentes do xurado polo debate que acabamos de realizar. Con respecto ao exordio, o ideal é tivese relación ou fóra no mesmo sentido que o que realizou o noso compañeiro, o introdutor.

Os argumentos do equipo contrario: faremos mención aos argumentos do equipo contrario e como foron refutados polos nosos compañeiros e como de válidas foron estas refutacións, recusacións, obxeccións para desmontar a súa liña argumental, tese, argumentos e evidencias.

Interpelacións: como non aclararon a postura que defende o outro equipo e como serviron para dar forza a nosa postura.

Os nosos argumentos: é o momento de falar dos argumentos empregados polo noso equipo durante o debate e como a súa refutación non foi óptima ou se o foi, como os teus compañeiros de debate conseguiron reconstruír os argumentos propios cas súas contra-refutacións. Debemos pechar esta parte do discurso facendo mención a que nós demos unha resposta mellor argumentada, máis sólida e máis fundamentada á pregunta do debate.

O anterior é unha estrutura similar o comezar polo equipo contrario á que realizamos con en a quenda de refutación, buscando que a última imaxe que leven os compoñentes do xurado sexa a que se apoia na nosa actuación.

Final enxeñoso e contundente: é bo pechar a nosa intervención e o noso debate cun final enxeñoso que estea relacionado coa liña argumental e se é posible co exordio da quenda de introdución para dar unha sensación de circularidade non na quenda se non no debate.

No que se refire **á forma**, é hora de suavizar o ton, xa non estamos nunha confrontación dialéctica como a quenda anterior (a refutación é a quenda máis “intensa en modais” do debate) agora estás en un ton moi similar ao do teu compañeiro encargado da introdución, estás contando unha historia e podes facer un discurso máis persuasivo. Sen esquecer que tes que ser analítico e que é unha quenda para falar en pasado e non en presente.

Por último, a duración desta quenda será de tres minutos.